

APROBACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

O 27 de decembro de 2023 foi aprobado o Plan de Prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de acordo coa estrutura vixente nese momento, segundo o previsto no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda (posteriormente vicepresidencia primeira) e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O día 27 de maio de 2024 foi publicado no Diario Oficial de Galicia o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e se derroga o anterior. De acordo coas previsións deste novo decreto, incorpórase unha nova dirección xeral, a Dirección Xeral de Mobilidade.

O Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería queda formado polos plans específicos que xa foron incorporados ao plan de decembro de 2023 con dúas matizacións:

- Inclúese o plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Dirección Xeral de Mobilidade
- Inclúese un novo plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Dirección Xeral de Administración Local, segundo a proposta de data do 24 de xullo de 2024.

Deste xeito, o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude desta consellería queda conformado polos plans específicos que se indican a continuación:

CENTRO DIRECTIVO/ENTIDADE	DATA DA PROPOSTA
Secretaría Xeral Técnica.	19/12/2023
Secretaría Xeral para o Deporte.	22/12/2023
Dirección Xeral de Xustiza.	12/12/2023
Dirección Xeral de Administración Local.	24/7/2024



Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.	12/12/2023
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.	12/12/2023
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.	11/12/2023
Dirección Xeral de Mobilidade.	04/10/2024
Academia Galega de Seguridade Pública.	19/12/2023
Axencia Galega de Emerxencias.	21/12/2023
Fundación Semana Verde	18/12/2023
Fundación Galicia Europa	11/12/2023
Fundación Deporte Galego	21/12/2023

De acordo con todo o anterior e, en virtude das competencias que me atribúe a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023,

APROBO

O plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que se insire a continuación.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

(asinado dixitalmente á marxe deste documento)



PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.....	1
2.	CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA.....	1
3.	RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS.....	2
4.	ANEXOS.....	3
4.1.	PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....	3
4.2.	PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE.....	3
4.3.	PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA.....	3
4.4.	PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL.....	3
4.5.	PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS.....	3
4.6.	PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR.....	3
4.7.	PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA.....	3
4.8.	PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE.....	3
4.9.	PLAN ESPECÍFICO DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA.....	3
4.10.	PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS.....	3
4.11.	PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE.....	3
4.12.	PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA.....	3
4.13.	PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO.....	3



1. INTRODUCCIÓN

O 19 de maio de 2023 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (PXMA) prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans, que estarán integrados polos dos seus centros directivos e das entidades instrumentais do sector público autonómico adscritas a elas.

De conformidade con estas previsións, o 27 de decembro de 2023 a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes aprobou o seu Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, acorde coa estrutura e a distribución de competencias establecidas no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Porén, a aprobación dunha nova estrutura co Decreto 136/2024, do 20 de maio, fai precisa unha adaptación do plan anterior.

O presente documento inclúe os plans específicos xa aprobados en decembro de 2023 con dúas matizacións: incorpórase o plan específico da Dirección Xeral de Mobilidade, e se inclúe un novo plan específico da Dirección Xeral de Administración Local, consonte á proposta de data do 24 de xullo de 2024.

2. CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA

Norma reguladora

Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Competencias

Segundo o artigo 1 do Decreto 136/2024, do 20 de maio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma ao cal, ademais das competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponden funcións de apoio e asistencia á Presidencia, así como a elaboración, a proposta e a execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións



institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea, deportes e mobilidade.

Estrutura

O artigo 2 do Decreto 136/2024, do 20 de maio, establece que, para o exercicio das súas funcións, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, baixo a superior dirección da persoa titular, conta coa seguinte estrutura orgánica:

- a) A Secretaría Xeral Técnica.
- b) A Secretaría Xeral para o Deporte.
- c) A Dirección Xeral de Xustiza.
- d) A Dirección Xeral de Administración Local.
- e) A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.
- f) A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- g) A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.
- h) A Dirección Xeral de Mobilidade.

De acordo co artigo 4 do mesmo Decreto, quedan adscritas á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes as seguintes entidades:

- Academia Galega de Seguridade Pública
- Axencia Galega de Emerxencias

3. RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS

O PMXA prevé que os órganos ou as unidades responsables de integridade e prevención de riscos previstas no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 para as consellerías e as entidades velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuarán como interlocutores cos órganos transversais na materia e informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa súa aplicación.

Así mesmo, cada centro directivo poderá designar no seu plan específico unha persoa de apoio aos responsables de integridade e prevención de riscos da consellería, no seu ámbito concreto de actuación.

De acordo co indicado no PXMA, neste plan procédese a designar como órgano ou unidade responsable de integridade e prevención de riscos desta consellería á persoa titular da Vicesecretaría.



Así mesmo, os órganos ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos no ámbito de actuación das entidades instrumentais adscritas a esta Consellería, aparecen designados no seus respectivos plans específicos.

4. ANEXOS

- 4.1. PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.
- 4.2. PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE.
- 4.3. PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA.
- 4.4. PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL.
- 4.5. PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS.
- 4.6. PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR.
- 4.7. PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA.
- 4.8. PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE
- 4.9. PLAN ESPECÍFICO DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA
- 4.10. PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS
- 4.11. PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE
- 4.12. PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA
- 4.13. PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

